

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

13140 *Real decreto 1074/2015, do 27 de novembro, polo que se modifican distintas disposicións no sector eléctrico.*

I

No seo da reforma estrutural do sector eléctrico que se vén acometendo durante os últimos tres anos, aprobouse, en decembro de 2013, a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, que actualiza a anterior lei do ano 1997 e reformula determinados aspectos.

En desenvolvemento dela, aprobáronse xa determinados reais decretos e ordes ministeriais de retribución das actividades de transporte, distribución e produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, así como outros relativos a outros mecanismos técnicos e económicos do sistema como son a metodoloxía de fixación do prezo voluntario de referencia para o pequeno consumidor e o sistema de xestión de demanda por interrompibilidade. Da mesma forma, encóntanse en tramitación ou en fase de elaboración outras disposicións para adaptar as distintas regulacións do sector ao previsto na nova Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Mediante o presente real decreto modifícanse determinados aspectos da regulación vixente que, ben por tratarse de aspectos puntuais ben por requirir dunha aprobación urxente para a súa aplicación no menor prazo, se introducen nun real decreto que os aglutina todos.

II

Mediante Acordo do Consello de Ministros do 16 de outubro de 2015 aprobouse o documento de «Planificación enerxética. Plan de desenvolvemento da Rede de transporte de enerxía eléctrica 2015-2020», previsto no artigo 4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e publicado pola Orde IET/2209/2015, do 21 de outubro (BOE n.º 254, do 23 de outubro de 2015).

Esta planificación ten por obxecto prever as necesidades do sistema eléctrico para garantir a subministración de enerxía a longo prazo, así como definir as necesidades de investimento en novas instalacións de transporte de enerxía eléctrica, conforme dita a referida lei.

Durante a súa tramitación púxose de manifesto a existencia dun número moi significativo de novos proxectos de xeración de enerxía eléctrica, fundamentalmente de enerxías renovables, que se deben considerar nas estimacións de capacidade de produción futura e de cumprimento de obxectivos europeos en materia de renovables.

Co obxecto de ter en conta aquela potencia que cunha probabilidade elevada vaia ser executada, é necesaria a prestación de garantías económicas para asegurar a finalización das instalacións, de maneira que se poida prever cun nivel de certeza maior a necesidade de novas redes e, se é o caso, de servizos de apoio.

III

Con motivo das novidades introducidas polo Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación, en relación coa facturación a partir de datos de medida horaria para as subministracións de pequenos consumidores que dispoñan de equipamentos de telemedida e telexestión efectivamente

integrados no sistema, modifícase o Real decreto 1435/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes en baixa tensión.

O Real decreto 1435/2002, do 27 de decembro, prevé a posibilidade de que todos os comercializadores de enerxía eléctrica accedan a consultar a información dispoñible no Sistema de información de puntos de subministración (SIPS) que xestionan os distribuidores, como encargados da lectura. Segundo se regula no artigo 7 do citado real decreto, para os consumos dos puntos de subministración sobre os cales a empresa distribuidora dispoña de curvas de carga horaria, estas deberán figurar entre a información dispoñible no SIPS.

Na presente norma elimínase a posibilidade de que os datos relativos á curva de carga horaria dos puntos de subministración para os cales o distribuidor dispoña dela aparezan no SIPS, garantindo deste modo a confidencialidade dos datos dos consumidores.

Esta medida adóptase tendo en conta ademais que os procedementos que permiten o tratamento dos datos horarios procedentes dos equipamentos de medida de pequenos consumidores para efectos de facturación e liquidación da enerxía no mercado, aprobados ao abeiro do disposto na disposición adicional quinta do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, prevén a posta á disposición das curvas de carga horaria dos distribuidores aos comercializadores polas canles que neles se determinan, así como no Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, polo que se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico.

A medida faise extensiva a todos os consumidores de enerxía eléctrica, ao abeiro das directrices dadas pola Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 2003/54/CE, que inclúe entre as medidas de protección ao consumidor que o acceso aos datos de medición a calquera empresa de subministración se faga con acordo previo explícito e gratuíto, así como pola Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, pola que se modifican as directivas 2009/125/CE e 2010/30/UE, e pola que se derrogan as directivas 2004/8/CE e 2006/32/CE, que establece que os Estados membros se asegurarán da seguridade dos contadores intelixentes e da transmisión de datos, así como da privacidade dos clientes finais.

Nesta liña, para outorgar maior protección aos consumidores, suspéndese o dereito de acceso á información contida no SIPS a aqueles comercializadores para os cales se acordase o inicio dun procedemento de extinción da habilitación para exercer como comercializadoras de enerxía eléctrica, así como a apertura de dilixencias penais relacionadas coa actividade de comercialización.

Por outra parte, xa que a presente norma revisa a configuración do SIPS, amplíase a información que estará contida na dita base de datos para incorporar conceptos que contribúan a mellorar a información da cal dispoñerán os comercializadores e os propios consumidores.

Neste mesmo ámbito, modifícase o Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, polo que se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, coa finalidade de precisar cando un equipamento de medida se encontra efectivamente integrado no sistema de telexestión.

Da mesma forma, habilítase nese real decreto a posta á disposición do operador do sistema das medidas horarias dos puntos fronteira tipo 5 de clientes, no exercicio das súas funcións, sen que iso supoña un incremento de custo para os consumidores.

IV

O Real decreto 1028/2007, do 20 de xullo, polo que se establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización de instalacións de xeración eléctrica no mar territorial, recolle un procedemento en concorrencia competitiva para a autorización de instalacións de produción a partir de tecnoloxía eólica no mar territorial de potencia superior a 50 MW.

Así mesmo, establece un procedemento simplificado para a autorización de instalacións desta tecnoloxía pero de carácter experimental, logo de autorización do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, e limita esta posibilidade a instalacións de ata 10 MW.

Neste momento carece de sentido unha limitación á instalación de parques eólicos mariños de potencia inferior a 50 MW, polo que mediante o presente real decreto se suprime a limitación dos 10 MW ligada ao carácter experimental e se amplía o procedemento xeral simplificado regulado no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, ás instalacións eólicas mariñas ata 50 MW. En todo caso, para ter dereito a réxime retributivo específico, será necesario primeiro o establecemento dun novo réxime, mediante real decreto, en virtude do disposto no artigo 14.7 da Lei 24/2014, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

V

O Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego, introduciu na extinta Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, a figura do xestor de carga do sistema para a prestación de servizos de recarga de electricidade e co obxectivo de impulsar o desenvolvemento do vehículo eléctrico como produto industrial e como instrumento de aforro e eficiencia enerxética e ambiental.

En desenvolvemento dese aprobouse o Real decreto 647/2011, do 9 de maio, polo que se regula a actividade de xestor de cargas do sistema para a realización de servizos de recarga enerxética.

Posteriormente, a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, recolleu a definición dos servizos de recarga enerxética e da figura do xestor de carga, e clarificou o seu réxime de dereitos e obrigas.

Na Unión Europea, o 25 por cento das emisións totais de gases de efecto invernadoiro, en que o máis relevante é o CO₂, están vinculadas co sector do transporte (incluído o marítimo e a aviación), e o transporte por estrada é o que ten un peso maioritario nestas porcentaxes. Entre os anos 1990 e 2011, estas emisións incrementáronse arredor dun 25 por cento. En España, o sector transporte é o responsable do 24 por cento dos gases de efecto invernadoiro e o transporte por estrada representa o 80 por cento do consumo de enerxía final do sector.

A electrificación da economía constitúe unha vía para favorecer a compatibilidade entre o desenvolvemento económico e a protección do ambiente. A utilización de enerxía eléctrica como fonte de enerxía primaria permite aproveitar a infraestrutura de rede existente e a posibilidade de utilización de fontes de enerxía renovables. Así, a implantación masiva do vehículo eléctrico comportaría múltiples beneficios para a nosa sociedade: redución de emisións de CO₂, mellora da calidade do aire nos contornos urbanos, redución da dependencia de derivados do petróleo, maior eficiencia enerxética no transporte por estrada e optimización do uso das redes eléctricas, mediante unha mellora na xestión da demanda e mediante o aplanamento na curva de carga do sistema.

O apoio ao vehículo eléctrico é unha das liñas directrices da política de mobilidade sustentable que está levando a cabo a Comisión Europea. Así, no ano 2009 aprobouse a Directiva 2009/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa á promoción de vehículos de transporte por estrada limpos e enerxeticamente eficientes. Posteriormente, a Comisión Europea dirixiu unha comunicación ao Parlamento Europeo, ao Consello e ao Comité Económico e Social Europeo relativa á Estratexia europea sobre vehículos limpos e enerxeticamente eficientes. Da mesma maneira, máis recentemente, no marco do Libro branco sobre transporte 2010-2030, a Comisión Europea recolle os eixes prioritarios para avanzar cara a unha política de apoio á mobilidade e á redución do impacto ambiental no sector transporte.

Non obstante, o desenvolvemento do vehículo eléctrico no mundo e no noso país en particular é aínda discreto. Son varios os retos a que se enfronta o sector, desenvolvemento

tecnolóxico das baterías, desenvolvemento dos puntos de recarga, estandarización de compoñentes, etc.

Mediante o presente real decreto modifícanse puntualmente algúns aspectos do Real decreto 647/2011, do 9 de maio, polo que se regula a actividade de xestor de cargas do sistema para a realización de servizos de recarga enerxética, coa finalidade de simplificar determinados requisitos de carácter técnico, en particular para puntos de recarga de pequena potencia asociados a actividades distintas da recarga enerxética. Facilitarase, así, a implantación de puntos de recarga en instalacións de consumo no sector terciario, o que podería supoñer un impulso adicional para o desenvolvemento dos puntos de recarga, dada a atomización no territorio destes consumidores.

Esta medida adóptase ademais no marco dos obxectivos da Directiva 2014/94/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, relativa á implantación dunha infraestrutura para os combustibles alternativos. Ao abeiro desta, cada Estado membro establecerá unha estratexia e uns obxectivos para a instalación de novos puntos de recarga de combustibles limpos e, entre eles, da electricidade.

VI

A posta en funcionamento do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, puxo de manifesto a necesidade de modificar determinados aspectos de carácter operativo.

Así, aclárase, para as instalacións postas en marcha durante o ano 2013 e posteriores e con réxime recoñecido no momento da entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico, a improcedencia de reclamar aos titulares cantidades por riba do que tería correspondido reclamarlles aplicando o réxime retributivo específico desde o primeiro día do mes seguinte ao da autorización de explotación definitiva ata o 31 de decembro dese ano, de forma análoga ao que ocorre para as instalacións postas en funcionamento con anterioridade ao referido ano 2013.

Finalmente, clarifícase a definición do termo de estimación de ingresos de explotación futuros dos anexos VI e XIII do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

VII

Por último, inclúese a obriga, ás empresas titulares das instalacións de produción de enerxía eléctrica que utilicen carbón autóctono como combustible, de enviar mensualmente á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e ao operador do sistema a información relativa á utilización dese combustible, co fin de permitir o seguimento do límite previsto no artigo 25.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, relativo á utilización de fontes de combustión de enerxía primaria autóctonas en aplicación da Directiva 2009/72/CE, sobre mercado interior de electricidade.

Esta norma foi sometida ao informe previo da Axencia Española de Protección de Datos.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 5.2. a) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o disposto no presente real decreto foi sometido a informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. O trámite de audiencia deste real decreto foi realizado mediante consulta aos representantes no Consello Consultivo de Electricidade, de acordo co previsto na disposición transitoria décima da citada Lei 3/2013, do 4 de xuño.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.*

O Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 59 bis, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 59 bis. *Garantía económica para tramitar a solicitude de acceso á rede de transporte de instalacións de produción.*

1. Para as instalacións de produción, o solicitante, antes de realizar a solicitude de acceso á rede de transporte, deberá presentar, ante o órgano competente para outorgar a autorización da instalación, xustificante acreditativo de ter depositado unha garantía económica por unha contía equivalente a 10 €/kW instalados.

No caso de instalacións que sexan competencia da Administración xeral do Estado, a dita garantía depositarase ante a Caixa Xeral de Depósitos. Mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderase modificar a dita contía, así como establecer contías diferenciadas en función da potencia.

A presentación deste xustificante será requisito imprescindible para a iniciación dos procedementos de conexión e acceso á rede de transporte por parte do xestor da rede de transporte, para o que o órgano competente para outorgar a autorización da instalación remitirá ao operador do sistema comunicación da adecuada presentación da garantía por parte do solicitante.

A garantía constituirase na modalidade de efectivo ou aval prestado por entidades de crédito ou sociedades de garantía recíproca, de acordo co previsto no Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

A finalidade da garantía será a obtención da autorización de explotación.

Deberase indicar expresamente no xustificante de constitución da garantía que esta é depositada para os efectos do cumprimento do establecido no presente artigo.

2. A garantía económica será cancelada cando o petionario obteña a autorización de explotación definitiva da instalación.

A desistencia na construción da instalación, a caducidade dos procedementos de autorización administrativa da instalación ou o incumprimento dos prazos previstos nas autorizacións preceptivas supoñerá a execución da garantía. Non obstante, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá exceptuar a execución da garantía depositada polo titular dunha instalación se a desistencia na súa construción vén dada por circunstancias impeditivas que non sexan nin directa nin indirectamente imputables ao interesado e así fose solicitada por este á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

3. A desistencia na construción, a caducidade dos procedementos de autorización administrativa da instalación ou a execución da garantía supoñerá a perda dos dereitos de acceso e conexión correspondentes e será comunicada, no caso de instalacións competencia da Administración xeral do Estado, pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ao operador do sistema para os efectos oportunos.»

Dous. Modifícase o artigo 66 bis, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 66 bis. *Garantía económica para tramitar a solicitude de acceso á rede de distribución de instalacións de produción.*

1. Para as instalacións de produción, o solicitante, antes de realizar a solicitude de acceso á rede de distribución, deberá presentar, ante o órgano competente para outorgar a autorización da instalación, xustificante acreditativo de ter depositado unha garantía económica por unha contía equivalente a 10 €/kW instalados. No caso de instalacións que son competencia da Administración xeral do Estado, esta garantía depositarase ante a Caixa Xeral de Depósitos. Mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderase modificar a dita contía, así como establecer contías diferenciadas por potencia.

Quedarán exentas da presentación desta garantía as instalacións de potencia igual ou inferior a 10 kW, ou aquelas instalacións de xeración destinadas ao autoconsumo que non teñan a consideración de instalacións de produción,

A presentación deste xustificante será requisito imprescindible para a iniciación dos procedementos de conexión e acceso á rede de distribución por parte do xestor da rede de distribución.

A garantía constituirase na modalidade de efectivo ou aval prestado por entidades de crédito ou sociedades de garantía recíproca, de acordo co previsto no Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

A finalidade da garantía será a obtención da autorización de explotación.

Deberase indicar expresamente no xustificante de constitución da garantía que esta é depositada para os efectos do cumprimento do establecido no presente artigo.

2. A garantía económica será cancelada cando o petionario obteña a autorización de explotación definitiva da instalación.

A desistencia na construción da instalación, a caducidade dos procedementos de autorización administrativa da instalación ou o incumprimento dos prazos previstos nas autorizacións preceptivas supoñerá a execución da garantía. Non obstante, o órgano competente poderá exceptuar a execución da garantía depositada polo titular dunha instalación se a desistencia na súa construción vén dada por circunstancias impeditivas que non sexan nin directa nin indirectamente imputables ao interesado e así fose solicitada por este ao dito órgano.

3. A desistencia na construción, a caducidade dos procedementos de autorización administrativa da instalación ou a execución da garantía supoñerá a perda dos dereitos de acceso e conexión correspondentes e será comunicado, no caso de instalacións competencia da Administración xeral do Estado, pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ao operador do sistema e xestor da rede de distribución para os efectos oportunos.»

Tres. Modifícase o artigo 124, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 124. *Trámites de avaliación de impacto ambiental.*

1. Os proxectos de instalacións de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica someteranse a avaliación de impacto ambiental cando así o exixa a lexislación aplicable nesta materia.

Para tales efectos, a información pública necesaria de acordo coa normativa anterior será levada a cabo na fase de autorización administrativa.

2. Para as instalacións de produción, o solicitante, antes de comezar os trámites de información pública mencionados, deberá presentar ante o órgano competente para outorgar a autorización da instalación, copia do xustificante de ter

presentado a garantía económica a que se fai referencia no artigo 59 bis ou 66 bis, segundo corresponda, deste real decreto.

Quedan eximidas do depósito da dita garantía aquelas modificacións de instalacións existentes que non supoñan incrementos sobre a capacidade de acceso concedida.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1435/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes en baixa tensión.*

O Real decreto 1435/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes en baixa tensión, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase a letra u) do artigo 7.1 e engádense catro novas letras no dito artigo, que quedan redactadas como segue:

«u) Consumo agregado dos tres últimos anos naturais por períodos de discriminación horaria e meses, contados desde a data da consulta, que inclúe o consumo de enerxía activa en KWh, o consumo de enerxía reactiva en kVAR e a potencia demandada en kW. Esta información incluírá o consumo con periodicidade mensual excepto para os puntos de subministración con lectura bimestral, desagregado nos períodos que rexistre en orixe o equipamento de medida.

No caso de que o distribuidor dispoña da curva de carga horaria dos consumos dun punto de subministración, esta información non figurará no sistema de información de puntos de subministración.

(...)

ac) Empresa comercializadora que realiza actualmente a subministración.

ad) Dispoñibilidade de equipamento de medida efectivamente integrado no sistema de telexestión.

ae) Dispoñibilidade de equipo de medida monofásico ou trifásico.

af) Información relativa ao acollemento ou non do punto de subministración a unha modalidade de autoconsumo e particularización do tipo.»

Dous. O artigo 7, números 2, 3, 4, 5 e 6, queda redactado nos termos seguintes:

«2. As empresas distribuidoras deberanse dotar dos sistemas informáticos necesarios que permitan a consulta de datos do rexistro de puntos de subministración e a recepción e validación informática de solicitudes e comunicacións coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, cos consumidores e cos comercializadores de enerxía eléctrica.

As empresas distribuidoras deberán garantir o acceso ás bases de datos de puntos de subministración a través de medios telemáticos. En particular, as empresas distribuidoras deberán contar cos medios necesarios para que calquera comercializador ou a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poida descargar e tratar os datos referidos á totalidade dos puntos de subministración conectados ás redes do distribuidor e ás redes de transporte da súa zona, así como levar a cabo unha selección detallada dos puntos de subministración respecto aos cales quere acceder aos seus datos, en función das diferentes categorías de datos que compoñen as citadas bases.

En todo caso, nin as empresas comercializadoras nin a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderán acceder a calquera información que directamente identifique o titular do punto de subministración e, en particular, aos datos recollidos nas alíneas c), z) e aa) do número 1.

As empresas distribuidoras non poderán establecer ningunha condición ao acceso e tratamento destes datos por parte dos comercializadores ou da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, nin exixir en ningún caso que estes lles

proporcionen ningún dato como condición previa de acceso á súa base de datos, entre eles o código universal do punto de subministración, o NIF ou o NIE do titular do dito punto de subministración ou o número de contrato en vigor de cada punto de subministración concreto, para o cal desexen consultar a base de datos.

Sen prexuízo do dereito de acceso ás bases de datos a través de medios telemáticos, as empresas distribuidoras deberán remitir á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ou aos comercializadores que o soliciten, os datos relativos a todos e cada un dos puntos de subministración conectados ás súas redes e ás redes de transporte da súa zona a través dun soporte físico informático que permita a súa inmediata e efectiva disposición e tratamento, sen que resulte exixible, en ningún caso, que os comercializadores ou a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia lles proporcionen ningún dato como condición previa de acceso á súa base de datos. A empresa distribuidora deberá remitir esta información no prazo máximo de 15 días desde a data de solicitude por parte da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou do comercializador.

3. Tanto a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia como os comercializadores que presentasen a comunicación de inicio de actividade e declaración responsable, figuren na listaxe publicada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e cumbran en todo momento cos requisitos exixidos para exercer a actividade, poderán acceder gratuitamente ás bases de datos de puntos de subministración de cada empresa distribuidora.

O acordo de inicio do procedemento de extinción da habilitación para exercer como comercializadora de enerxía eléctrica, así como a apertura de dilixencias penais relacionadas coa actividade de comercialización, suspenderá o dereito de acceso ás bases de datos de puntos de subministración das empresas distribuidoras, sen prexuízo da información necesaria para levar a cabo o traspaso de clientes á comercializadora de referencia de acordo co procedemento legalmente establecido.

Os comercializadores e os demais suxeitos que fagan uso da información que figura nas bases de datos de puntos de subministración das empresas distribuidoras, a teor do establecido na presente disposición e no artigo 46.1.k) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, deberán subscribir un código de conduta e garantir a confidencialidade da información contida nelas.

4. Non obstante o disposto no número 3, aqueles a que se refira a información citada nos puntos anteriores terán dereito de acceso aos seus datos contidos no rexistro de puntos de subministración de forma gratuíta e, ademais, poderán prohibir por escrito aos distribuidores a difusión dos datos que sinalen expresamente e o acceso polos comercializadores distintos a aquel co cal se teña contratado a subministración. Neste caso, a manifestación escrita do consumidor deberá constar expresamente na base de datos e corresponde ao distribuidor custodiar unha copia da dita solicitude.

Non obstante o anterior, no caso de que o consumidor estea en situación de impagamento non poderá prohibir a difusión do seu código universal do punto de subministración e da información da dita situación.

5. Os datos a que fai referencia o número 1 deste artigo deberán constar nas bases de datos referidas aos puntos de subministración conectados tanto a baixa como a alta tensión.

6. Habilítase o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para ditar cantas disposicións sexan necesarias para modificar os datos de carácter técnico a que fai referencia o número 1 deste artigo.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1028/2007, do 20 de xullo, polo que se establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización de instalacións de xeración eléctrica no mar territorial.*

O Real decreto 1028/2007, do 20 de xullo, polo que se establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización de instalacións de xeración eléctrica no mar territorial, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 2, que queda coa seguinte redacción:

«As instalacións de xeración eólicas mariñas que se pretendan instalar no mar territorial rexeranse polo establecido na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e no Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas.

As instalacións de potencia superior a 50 MW terán que someterse ao procedemento previsto no título II.»

Dous. Modifícase a denominación do título II, que queda redactado como segue:

«TÍTULO II

Procedementos administrativos para as instalacións de xeración eólicas mariñas de potencia superior a 50 MW»

Tres. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 4, que queda redactado como segue:

«A construción ou ampliación das instalacións eléctricas de xeración eólicas mariñas de potencia superior a 50 MW requirirán, ademais das resolucións administrativas a que se refire o artigo 115 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e os títulos de ocupación do dominio público marítimo-terrestre regulados na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, a resolución administrativa que resolve previamente o procedemento de concorrencia e outorga ao solicitante a reserva de zona.»

Catro. Modifícase a denominación do título III, que queda redactado como segue:

«TÍTULO III

Procedementos administrativos para outras tecnoloxías de xeración mariñas e instalacións de xeración eólicas mariñas de potencia non superior a 50 MW»

Cinco. Modifícase o artigo 32, que queda redactado como segue:

«Artigo 32. *Outras tecnoloxías de xeración mariñas e instalacións de xeración eólicas mariñas de potencia non superior a 50 MW.*

Para as autorizacións e concesións administrativas precisas para a construción e a ampliación das instalacións de xeración de electricidade de orixe renovable que se encontren situadas fisicamente no mar territorial e de tecnoloxía diferente á eólica, e para as instalacións de xeración eólicas mariñas de potencia non superior a 50 MW, seguirase un procedemento que comezará coa solicitude de autorización administrativa regulada no artigo 24 do presente real decreto e que se axustará nos seus trámites ao establecido no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e non lles será aplicable o procedemento en concorrencia competitiva regulado no título II deste real decreto.»

Seis. Suprímese o número 2 da disposición derradeira segunda.

Artigo cuarto. *Modificación do Real decreto 647/2011, do 9 de maio, polo que se regula a actividade de xestor de cargas do sistema para a realización de servizos de recarga enerxética.*

O Real decreto 647/2011, do 9 de maio, polo que se regula a actividade de xestor de cargas do sistema para a realización de servizos de recarga, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Engádesse un número 3 no artigo 1, coa seguinte redacción:

«3. Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) «vehículo eléctrico», vehículo de motor equipado dun grupo de propulsión con polo menos un mecanismo eléctrico non periférico que funciona como convertedor de enerxía e está dotado dun sistema de almacenamento de enerxía recargable, que se pode recargar desde o exterior.

b) «punto de recarga»: unha interface para a recarga dun só vehículo á vez ou para o intercambio dunha batería dun só vehículo eléctrico á vez.»

Dous. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 2.1, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Ademais do previsto no artigo 48.3 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, as empresas xestoras de cargas do sistema teñen os seguintes dereitos en relación coa actividade de revenda de enerxía eléctrica: (...).»

Tres. Modifícanse as letras e), h) e l) do artigo 2.2, que quedan redactadas da seguinte forma:

«e) Poñer en práctica os programas de xestión da demanda aprobados pola Administración e os programas específicos para impulsar a eficiencia na demanda de electricidade para vehículos eléctricos, co obxectivo de promover o aforro e a eficiencia enerxética e optimizar o uso do sistema eléctrico, en virtude do previsto no artigo 49 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, que terán, en todo caso, en conta o tamaño das instalacións de recarga enerxética para vehículos en que se desenvolva a actividade.»

«h) Comunicar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e, se é o caso, ao órgano competente autonómico que recibise a comunicación previa a información que se determine sobre peaxes de acceso, prezos, consumos, facturacións e condicións de venda aplicables aos consumidores, distribución de consumidores e volume correspondente por categorías de consumo, así como calquera información relacionada coa actividade que desenvolvan dentro do sector eléctrico.

Así mesmo, deberán remitir a información establecida no número 1 do anexo II do presente real decreto coa periodicidade e nos termos que se especifican no seu número 2. En todo caso, remitirase a información separada do punto fronteira e de cada un dos puntos de recarga.

En calquera caso, deberán subministrarse á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e á Administración a información que se determine.»

«l) Para as instalacións con potencia contratada superior a 5 MW, e nos sistemas eléctricos non peninsulares superior a 0,5 MW, estar adscritas a un centro de control que lles permita recibir consignas do xestor da rede cando sexan requiridas para participar en servizos de xestión activa da demanda.»

Catro. Modifícase o artigo 5.3, que queda redactado como segue:

«3. A instalación e os equipamentos de medida e control instalados nos puntos fronteira coa rede de distribución ou transporte deberán cumprir os requisitos

establecidos na normativa de aplicación e garantir a subministración dos datos requiridos para a correcta facturación das peaxes de acceso.

Ademais do anterior, os xestores de cargas rexistrarán en cada unha das súas instalacións os consumos destinados á recarga de vehículos de forma diferenciada aos consumos para o seu propio uso cando estes se produzan. Os puntos de recarga dispoñerán de contadores que midan a enerxía destinada a este uso, cunha discriminación de polo menos tres períodos, para o adecuado seguimento do desenvolvemento da actividade por parte das administracións competentes. Estes equipamentos de medida non formarán parte do sistema de medidas e polo tanto non lles será de aplicación o establecido no Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, polo que se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico.»

Cinco. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 6.1, que queda redactado como segue:

«1. Transcorridos tres anos desde a comunicación de inicio da actividade de xestor de cargas do sistema, se durante un período continuado dun ano a empresa non fixese uso efectivo e real desta exercendo a actividade e, por tanto, non revendese enerxía eléctrica para recarga de vehículos eléctricos, ou se tal uso fose suspendido durante un prazo ininterrompido dun ano, o operador do sistema e, se é o caso, o operador do mercado deberán comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e, se é o caso, ao órgano competente en materia de enerxía da comunidade autónoma correspondente tales circunstancias, que determinarán a prohibición de continuar no exercicio da actividade de xestor de cargas do sistema.»

Artigo quinto. *Modificación do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.*

O Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase a disposición adicional segunda.6, que queda redactada como segue:

«6. Para as instalacións definidas nesta disposición considerarase que a data de inicio para a contabilización da vida útil regulatoria será o 1 de xaneiro do ano seguinte ao da autorización de explotación definitiva da instalación.

Non obstante o anterior, o órgano encargado das liquidacións non reclamará aos titulares cantidades por riba do que lle tería correspondido reclamar aplicando o réxime retributivo específico desde o primeiro día do mes seguinte ao da autorización de explotación definitiva ata o 31 de decembro dese ano.»

Dous. Engádense os seguintes dous novos parágrafos ao final do número 1.b) da disposición transitoria oitava:

«Como excepción ao disposto no parágrafo anterior, para as instalacións que desde a entrada en vigor deste real decreto ata o 30 de novembro de 2015 tivesen un número de horas equivalentes de funcionamento inferior ao limiar de funcionamento ao cal fai referencia o artigo 21.3 deste real decreto, con independencia de que solicitasen a renuncia temporal ao réxime retributivo específico, o órgano encargado das liquidacións poderá fraccionar, por solicitude do interesado, o pagamento dos dereitos de cobramento ou obrigas de pagamento resultantes referidos anteriormente. Esta solicitude poderase dirixir ao órgano encargado da liquidación ata o 31 de xaneiro de 2016.

O fraccionamento realizarase nos seguintes termos en función do importe total da débeda: 1.º ata 25.000 euros por MW, o prazo máximo de devolución pasará a ser trinta e seis meses; 2.º de 25.000 euros por MW a 200.000 euros por MW, o prazo máximo pasará a ser corenta e oito meses; 3.º superiores a 200.000 euros por MW, o prazo máximo pasará a ser sesenta meses.»

Tres. Modifícase a definición de « $\text{Ingf}_{i,j-1}$ » incluída nos números 3.a) e 4.a) do anexo VI, así como nos números 4.a) e 5.a) do anexo XIII, que queda definida como segue:

« $\text{Ingf}_{i,j-1}$: Estimación dos ingresos de explotación futuros da instalación tipo que se consideraron no cálculo dos parámetros retributivos do semiperíodo «j-1» para o ano «i», que inclúan os ingresos procedentes da venda da enerxía no mercado e, se é o caso, os ingresos derivados da retribución á operación e os ingresos regulados nos números 2 e 3 do artigo 24, aos cales se engaden os ingresos derivados da retribución ao investimento, expresado en €/MW.»

Artigo sexto. *Modificación do Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, polo que se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico.*

O Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádesse un parágrafo o entre o primeiro e o segundo parágrafo do artigo 9.8, que queda redactado como segue:

«8. (...)

Entenderase que un equipamento está efectivamente integrado no sistema de telexestión cando os equipamentos cumpran coas especificacións funcionais mínimas dos sistemas de telexestión establecidas no presente punto e teñan capacidade para a lectura dos rexistros horarios de enerxía activa de maneira remota a través do dito sistema.

(...»

Dous. Engádesse un parágrafo entre o primeiro e o segundo no artigo 25, que queda redactado como segue:

«(...)

O concentrador principal almacenará, polo menos, as medidas horarias en punto fronteira de clientes tipo 1, 2 e 5, nos termos que mediante resolución da Secretaría de Estado de Enerxía se determinen.

(...»

Tres. Engádesse un segundo parágrafo no artigo 26.2, redactado nos seguintes termos:

«2. (...)

En todo caso, garantirá a confidencialidade da información e datos de clientes de que dispoña. Esta responsabilidade non se poderá delegar nin transferir a terceiros, sen prexuízo de que a propiedade, xestión, explotación ou mantemento do concentrador principal poida corresponder a outra entidade que non coincida xuridicamente coa titular. Nestes supostos, o titular deberá establecer cos responsables dos puntos de medida os pactos que en cada caso se poidan requirir, así como o contrato a que se refire o artigo 12 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.»

Catro. Modifícase o artigo 26.5, que queda redactado como segue:

«5. No exercicio das súas respectivas competencias ou funcións, poderán acceder á información de medidas contida no concentrador principal e nos secundarios o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, as comunidades autónomas e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Estas entidades poderán publicar información agregada de medidas de clientes, así como do resto de puntos conforme o previsto no número 4 anterior.

O operador do sistema poderá publicar información agregada de clientes de acordo coa forma e cos prazos que se determinen mediante resolución da Secretaría de Estado de Enerxía, así como do resto de puntos conforme o previsto no número 4 anterior.»

Disposición adicional primeira. *Información sobre consumo de carbón autóctono.*

1. As empresas titulares das instalacións de produción de enerxía eléctrica que utilicen carbón autóctono como combustible deberán enviar mensualmente ao operador do sistema a seguinte información, de acordo co formato que determine:

- a) Volume de enerxía eléctrica producido en cada mes por cada grupo da instalación.
- b) Consumos de cada un dos combustibles utilizados para a produción de enerxía eléctrica comunicada para cada grupo, diferenciando por tipo de combustible e orixe, e desagregando tanto a cantidade de combustible como o seu poder calorífico asociado.

Esta información enviarase para cada un dos meses a partir do 1 de xaneiro de 2015.

2. O operador do sistema recollerá a información con carácter mensual nos informes de análise de cobertura da demanda de enerxía eléctrica, que remitirá á Secretaría de Estado de Enerxía e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Disposición adicional segunda. *Acceso aos datos relativos á curva de carga horaria por parte dos comercializadores.*

A posta á disposición da información relativa á curva de carga horaria por parte do distribuidor realizarase a través das canles establecidas nos procedementos onde se regulan os protocolos de intercambio de información, de seguridade e de confidencialidade dos datos procedentes dos equipamentos de medida conectados ao sistema de telexestión entre os axentes para efectos de facturación e liquidación da enerxía aprobados ao abeiro do previsto na disposición adicional quinta do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación.

Os datos a que fai referencia o parágrafo anterior terán carácter confidencial e serán accesibles unicamente polo comercializador con contrato vixente para o consumidor no período temporal a que corresponde a información que contén, salvo autorización expresa por parte do consumidor, sen ningún custo, para que outros comercializadores poidan acceder aos seus datos. Para iso, o comercializador deberá acreditar a súa capacidade de representación ante o distribuidor.

O encargado de solicitar o consentimento expreso do consumidor para que accedan á información sobre os datos de curva de carga horaria outros comercializadores sen contrato en vigor co consumidor será o distribuidor.

O consentimento para permitir o acceso á información sobre os datos de curva de carga horaria a outros comercializadores sen contrato en vigor deberá ser renovado polo consumidor cada dous anos.

O comercializador será plenamente responsable de garantir a confidencialidade da información sobre a curva de carga horaria dos seus clientes, conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e non poderá utilizala para fins alleos á súa actividade como comercializador de enerxía eléctrica, sen prexuízo das obrigas de información impostas pola lei en cada momento.

A dita responsabilidade non se poderá delegar nin transferir a terceiros, sen prexuízo de que a xestión da facturación da enerxía poida corresponder a outra entidade que non coincida xuridicamente coa titular. Nestes supostos, o comercializador deberá establecer coa dita entidade os pactos que en cada caso se poidan requirir, así como o contrato a que se refire o artigo 12 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Disposición adicional terceira. *Aprobación dos ficheiros de intercambio de información entre distribuidores e comercializadores de enerxía eléctrica e de gas natural.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto, co trámite previo de audiencia e logo do informe favorable da Secretaría de Estado de Enerxía do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará por resolución os formatos de ficheiros de intercambio de información entre distribuidores e comercializadores de enerxía eléctrica e entre os distribuidores e comercializadores de gas natural, respectivamente.

Disposición adicional cuarta. *Mandatos.*

No prazo dun mes desde a publicación do presente real decreto no «Boletín Oficial del Estado», a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas unha proposta de factor de utilización da potencia contratada para o período i, Fui, expresado en horas/día para calcular o termo de enerxía das subministracións con peaxes con discriminación horaria superval para efectos de aplicación da Resolución do 14 de maio de 2009, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se establece o procedemento de facturación con estimación do consumo de enerxía eléctrica e a súa regularización con lecturas reais, no caso de subministracións para as cales non exista media histórica diaria do mesmo período do ano anterior, así como nos casos en que se produza un aumento ou diminución da potencia contratada.

Disposición transitoria primeira. *Depósito de garantías para expedientes en tramitación.*

1. As instalacións de produción de potencia superior a 50 MW que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, dispoñan de autorización administrativa e non obtivesen aínda a autorización de explotación definitiva deberán presentar o xustificante mencionado nos artigos 59 bis, 66 bis ou 124 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, nun prazo máximo de catro meses contados desde a entrada en vigor do presente real decreto.

Transcorrido este prazo sen que o solicitante o presentase ou obtivese a referida autorización de explotación, quedará sen efecto a autorización administrativa obtida, logo de que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas incoe o correspondente procedemento.

A resolución pola cal, se é o caso, quede sen efecto a autorización administrativa supoñerá a perda dos permisos de acceso e conexión correspondentes, o cal será comunicado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ao operador do sistema e ao xestor da rede de transporte ou distribución.

2. As instalacións de produción de potencia superior a 50 MW que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, non dispoñan de autorización administrativa previa e teñan unha garantía depositada ao abeiro do artigo 124 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, na súa redacción vixente ata a entrada en vigor da presente disposición, terán dereito á devolución da dita garantía unha vez obtida a autorización administrativa previa.

Unha vez obtida a autorización administrativa previa dispoñerán dun prazo de catro meses para depositar unha nova garantía conforme o disposto nos artigos 59 bis, 66 bis ou 124 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que será cancelada cando o peticionario obteña a autorización de explotación definitiva da instalación. Transcorrido o dito prazo sen que o solicitante presentase a nova garantía ou obtivese a referida

autorización de explotación, quedará sen efecto a autorización administrativa obtida, logo de que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas incoe o correspondente procedemento.

A resolución pola cal, se é o caso, quede sen efecto a autorización administrativa supoñerá a perda dos permisos de acceso e conexión correspondentes, o cal será comunicado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ao operador do sistema e ao xestor da rede de transporte ou distribución.

3. As instalacións de produción non incluídas nos puntos anteriores que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, non teñan ningunha garantía depositada, estando obrigadas a iso en virtude do disposto nos artigos 59 bis, 66 bis ou 124 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, dispoñerán dun prazo de catro meses para cumprir o previsto nos ditos artigos.

Disposición transitoria segunda. *Publicación dos novos datos no sistema de información de puntos de subministración.*

Os distribuidores dispoñerán dun prazo de seis meses para publicar no Sistema de información de puntos de subministración os novos datos recollidos no artigo 7.1 do Real decreto 1435/2002, do 27 de decembro, introducidos mediante o presente real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Facturación mensual de subministracións que contén con equipamentos de medida con capacidade para telemedida e telexestión que non estean efectivamente integrados nos correspondentes sistemas.*

As subministracións que, no momento da entrada en vigor do presente real decreto, contén con equipamentos de medida tipo 5 con capacidade para telemedida e telexestión que non estean efectivamente integrados nos correspondentes sistemas segundo a definición dada no artigo 9.8 do Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, e cuxa lectura e facturación se estean realizando cunha periodicidade mensual, en virtude do disposto no artigo 2.1 do Real decreto 1718/2012, de 28 de decembro, polo que se determina o procedemento para realizar a lectura e facturación das subministracións de enerxía en baixa tensión con potencia contratada non superior a 15 kW, poderán continuar sendo facturadas mensualmente, salvo manifestación en contrario do consumidor.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ